

BASES SELECCIÓN POSTO DE OPERARIO/A TURISMO

Contratación subvencionada pola Deputación Provincial de A Coruña.

Obxecto: Contratación laboral de 2 persoas, unha durante 3,5 meses e outra durante 1,5 meses aproximadamente, T/C para a Oficina de Turismo Municipal.

Requisitos:

-Desempregado/a (requisito a cumprir no momento da contratación)

-Posuír algunha das seguintes titulacións:

- Técnico Superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente.
- Técnico en empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.
- Grao en Diplomatura en Turismo ou equivalente homologado.
- Grao ou Licenciatura en Historia da Arte, Humanidade, Xeografía e Ordenación de territorio, Grao ou Licenciatura en Historia.

- Os xerais do acceso ao emprego público.

Presentación de instancias:

Nas oficinas municipais ou na sede electrónica (páxina web) antes das 14.00 h. no primeiro caso, e ás 24.00 h. no segundo caso, do día 6 de setembro de 2018.

Selección:

Será efectuada o día 12 de setembro ás 11.00 h. mediante:

1.- Valoración de méritos:

- Cursos específicos en materia turística impartido por centros oficiais, Universidade, ou escola de Administración pública con duración superior a 20 horas. (Máximo de puntuación por este apartado: 2 puntos)

- Coñecemento de idiomas (inglés, francés ou alemán): segundo certificación da EOI ou centro oficial de ensinanza:

- Certificado nivel básico: 0,10 p.
- Certificado nivel medio: 0,5 p.
- Certificado nivel avanzado: 0,75 p.

(Só puntuará o nivel máis alto)

* Se algunha das persoas aspirantes non contase co Celga 4, faráselle un exame de galego, será valorado como APTO ou NON APTO. É obrigatoria a súa superación.

2.- Cuestionario e/ou exercicio práctico sobre o materia obxecto do Anexo I destas bases, puntuando de 0 a 10 puntos e sendo preciso obter 5 puntos para entendela superado, non podendo acumularse para iso a puntuación da base de méritos.

Lista de admitidos/as:

O día 7 de setembro, será publicada, na páx. web, a lista de admitidos/as – excluídos/as, contra a que se poderá formular reclamación ata as 12.00 h. do mesmo día. A lista definitiva será publicada o día 11 de setembro.

Anexo-

1. O municipio de Muxía: Termo municipal, poboación, patrimonio, recursos turísticos, materiais e medioambientais.
2. Breves nocións sobre os recursos turísticos naturais e medioambientais de Galicia.
3. Dereitos e deberes do persoal ao servizo da Administración Pública.
4. Nocións básicas sobre informática.
 5. A atención nunha oficina de turismo municipal.

Pode introducirse a realización dalgunha pregunta en outro idioma comunitario (inglés, francés ou alemán).

O tribunal seleccionador estará formado exclusivamente por persoal funcionario do concello.

